

100

**GALICIA CEN**

Obxectos para contar unha cultura

Edición a cargo de  
Ramón Villares



**CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA**



## EXPOSICIÓN

### ORGANIZA

Consello da Cultura Galega

### COLABORAN

Abanca  
Afundación

### COMISARIO

Manuel Gago

### COMITÉ ASESOR

#### *Presidente*

Ramón Villares

#### *Membros*

Carlota Álvarez Basso

José Miguel Andrade Cernadas

Fernando Bouza

Felipe Criado Boado

Guillermo Escrigas

Lourenzo Fernández Prieto

Pegerto Saavedra

Dolores Vilavedra

### COORDINACIÓN DA EXPOSICIÓN

Rocío Figueroa Guisande

### XERENCIA

Marcelino X. Fernández Santiago

### DESEÑO DE MONTAXE

Pepe Barro

### MONTAXE

Puntouparte

### FOTOGRAFÍAS

José Caruncho: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 12, 13, 14, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 24, 25, 26, 27, 28, 30, 31, 33, 34, 35, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 59, 61, 62, 63, 64, 65, 66, 67, 68, 69, 70, 72, 73, 74, 75, 76, 77, 78, 79, 80, 81, 82, 83, 86, 87, 88, 89, 90, 91, 92, 94, 96, 97, 98, 100

Museo Arqueolóxico de Ourense: 11, 16

Staatliche Museen zu Berlin. Alemaña: 15

Archivo Histórico Nacional. Madrid: 23

Alfredo Erias Martínez: 29

Real Biblioteca del Palacio Real (Patrimonio Nacional).

Madrid: 32

Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela: 36, 96

Real Academia Galega. A Coruña: 60

Centro Galego de Artes da Imaxe. A Coruña: 71

Enrique Touriño / MARCO (Museo de Arte

Contemporánea de Vigo): 84

Museo de Belas Artes da Coruña: 85

Llorenç Soler / Centro Galego de Artes da Imaxe.

A Coruña: 93

Biblioteca Pública da Coruña Miguel Ángel Garcés: 95

Lugami, Artes Gráficas. Betanzos: 99

### ANIMACIÓN AUDIOVISUAL DE OBXECTOS

Produccións Audiovisuais: I DO VISUAL

Fran X. Rodríguez: Dirección

Roi Gil: Posproducción de sonido

Beni Ferreiro: Música

Luis Batalla: Debuxos

### AUDIOVISUAIS

Toño Chouza: Dirección

Pablo Chouza: Dirección de fotografía

Pablo Chouza: Sonido

Manuel Silva: Animación

Álvaro Robles: Cor

Beni Ferreiro: Música

### VERSIÓN INTERACTIVA

Ozono Multimedia

### MODELOS 3D

Patricia Mañana Borrazás

Alejandro Güimil Fariña

### BANDA SONORA

Beni Ferreiro

### REVISIÓN LINGÜÍSTICA

Cristina Río López

### TRADUCIÓNS

Cristina Río López

### COMUNICACIÓN E MARKETING

Comunicación do Consello da Cultura Galega

Comunicación e Marketing de Afundación

## PUBLICACIÓN

### EDITOR

Ramón Villares

### COORDINADOR

Manuel Gago

### PRODUCCIÓN

Rocío Figueroa Guisande

### DESEÑO

Pepe Barro

### MAQUETACIÓN

Susana G. Diz

(Mazaira grafismo)

### IMPRIME

Tórculo Comunicación Gráfica

G I V L I O S E R T O A M B R I N O C A E R E B J O  
S E R G I A N O C O S

C O E L E R N I E X H I S P A N I A C I T T E R I O R E  
C O N V E N T V S B R A C A R I C V M G A N T  
T O N I D A O V I L L O N O V A V G V S T A N O  
P R A E F C O H I C E L T I B E R O R V M  
L I B E R I S P O S T E R I S Q V E E I V S H O S  
P I T I V M F E C E R V N T

G A N T O N I V S A Q V I V S C V M C O E L E R  
N I S L I B E R I S P O S T E R I S Q V E E O R V M  
H O S P I T I V M F E C E R I T

L E G A T V S E G I T  
P C A M P A N I V S G E M I N V S

*Tabula hospitalis*  
Castromao, Celanova  
132 d. C.  
Museo Arqueológico  
Provincial de Ourense

## *Tabula hospitalis*

Esta peza foi atopada en 1970 durante a campaña de escavacións arqueolóxicas realizada no castro de Castromao (Celanova, Ourense). Trátase dunha sinxela placa rectangular, cun marco moldurado a modo de decoración e un apéndice en forma de lingüeta na súa parte superior. O texto, escrito en latín administrativo, recolle un pacto de hospitalidade entre o antigo pobo galaico dos *Coelerni* e un oficial dunha unidade militar romana auxiliar, a *Cohors I Celtiberorum*.

O *hospitium* foi unha antiga práctica indoeuropea pola que se daba asilo ou algunha forma de adopción aos estranxeiros en igualdade de condicións que os nativos, pero podía ser tamén a forma na que se manifestaba unha relación de tipo patrón-cliente. Inmediatamente tras a conquista, este costume foi adoptado polos romanos como un instrumento político, polo que comezan a proliferar unha serie de pactos entre comunidades locais e altos maxistrados romanos. Na linguaxe, na antroponimia e incluso no tipo de soportes apréciase a rápida latinización do fenómeno, feito xa manifesto no documento de Castromao, un dos máis serodios da súa clase. A súa datación no 132 d. C. deriva da mención explícita aos cónsules daquel ano, G. Xulio Serio Augurino e G. Trebio Serxiano.

Non é tampouco casual que o bronce aparecese entre os restos do derrube dunha edificación á que se lle atribuíu unha posible funcionalidade comunal, pois viría resaltar o feito de que sexa a comunidade indíxena no seu conxunto e non un individuo particular dentro dela quen asine un pacto de hospitalidade a perpetuidade («cos seus fillos e descendentes», recolle o texto) coas autoridades romanas. A presenza dun legado, P. Campanio Xémino, viría reforzar esta sanción pública.

Os coelernos, mencionados na *Historia natural* de Plinio o Vello (3.28) ou na *Xeografía* de Ptolomeo (2.6.41), foron un dos *populi* que habitaban no sector nororiental do *conuentus bracarensis*. Este foi unha das

tres demarcacións administrativas coas que os romanos reorganizaron o territorio do noroeste peninsular despois da súa conquista, a capitalidade da cal a exercía a cidade de Bracara Augusta (Braga, Portugal). Segundo parece, o castro de Castromao puido ser o núcleo principal (*caput ciuitatis*) dos *Coelerni* ata polo menos finais do século II d. C., e pódese identificar coa Coeliobriga recollida nos textos gregos e latinos. Como sucede con moitos outros castros da rexión meridional galega, o asentamento comeza a ser abandonado durante a segunda centuria en favor doutras solucións de poboamento. Nesta paisaxe plenamente galaicorromana, logo de cidades como Lugo, Braga ou Chaves, os *uici* ou núcleos secundarios puideron pasar a exercer a capitalidade comarcal, mentres *uillae*, aldeas e pequenos poboados abertos acaso artellasen a explotación do territorio a unha escala menor.

Moi pouco é o que sabemos de G. Antonio Aquilo, o outro asinante do documento e *de facto* patrón dos *Coelerni*. Dado o seu rango militar debeu de tratarse dun cabaleiro (*eques*, segundo a escala da nobreza romana) e a súa procedencia puido ser hispana, en concreto da cidade de Noua Augusta (Lara de los Infantes, Burgos), situada dentro da mesma provincia —Hispania Citerior Tarraconensis— á que supoñemos que pertenceu Castromao.

A respecto da *Cohors I Celtiberorum*, tivo que tratarse dunha unidade auxiliar *equitata* (mixta de infantaría e cabalería) e *quingenaria* (duns 600 efectivos) e seguramente recibise o privilexiado título de *ciuium Romanorum* (de cidadáns romanos, aínda que non todos os seus integrantes o fosen). Crese que estivo asentada no forte da Cidadela (Sobrado dos Monxes, A Coruña) e que dependía da *Legio VII Gemina* destacada en León. A *tabula* de Castromao é a primeira evidencia documental da súa presenza en Hispania logo de varias décadas de estadía no norte de África (os seus recrutados primixenios deberon de provir da Celtiberia). Polo que parece o seu rango de acción non se limitou á contorna inmediata da súa base (a cabalo entre Lucus Augusti —Lugo— e Brigantium —A Coruña—), senón que probablemente se estendeu por toda a zona galaica e ástur e gardou especial relación coa explotación dos ricos recursos auríferos da rexión.